



**ASUNTO: CIRCULAR SOBRE CUMPRIMENTACION DE CONTROL DE FRONTEIRAS (REGULAMENTO (CE) 562/2006)**

O Regulamento (CE) No 562/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, polo que se establece un Código comunitario de normas para o cruzamento de persoas polas fronteiras (Código de fronteiras Schengen), dispón a ausencia de controis fronteirizos das persoas que crucen as fronteiras interiores dos Estados membros da Unión Europea, e establece normas aplicables ao control fronteirizo das persoas que crucen as fronteiras exteriores dos Estados membros da Unión Europea. As normas específicas para o control da navegación de recreo contéplanse no Anexo VI, apartado 3.2.

O control de Estranxeiría e Fronteiras compete ao Corpo Nacional de Policía, quen estableceu a necesidade de formalizar o documento incluído como Anexo 2 para os efectos de Control e de Inspección previstos no citado Regulamento.

O día 24.10.2013 remitiúselle a tódolos xestores (concesionarios) de instalacións náutico recreativas dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia un escrito advertindo da obrigabilidade de cubrir unha circular por cada unha das embarcacións que recalasen en porto, sempre que se axustasen a unha serie de requisitos.

Dado que se observou en reiteradas ocasións o incumprimento da dita obriga por parte dos concesionarios das instalacións náutico recreativas, infórmase do seguinte:

1.- A presente circular é de OBRIGADA aplicación en tódalas instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia dependentes de Portos de Galicia.

2.- Calquera embarcación (lista 7ª, 6ª ou similar) en tránsito ou embarcación base estará obrigada a cumprir o modelo que se achega como Anexo 2 en base ao seu porto de procedencia e conforme aos seguintes criterios:

- Aqueles barcos procedentes dun porto español non están obrigados a cumprir o dito Anexo 2.
- Aqueles barcos procedentes de Estado NON-Schengen están obrigados a cumprir a totalidade do Anexo 2 (datos do barco e do titular, Estado ou Porto de procedencia e destino e listaxe de pasaxeiros e tripulantes).
- Aqueles barcos procedentes de Estado Schengen (excepto España) están obrigados a cumprir só a primeira parte do Anexo 2 (a parte referente aos datos do barco, do titular, e o Estado ou Porto de procedencia e destino).

No Anexo 1 relaciónanse os países que conforman o Espazo Schengen.

Os datos indicados nos parágrafos anteriores deberán ser comunicados de forma previa á arribada do barco a porto, ou en último caso, no momento da arribada a porto.

O concesionario deberá remitir esta información ao correo electrónico de Portos de Galicia [portosdeportivos.transitos@portosdegalicia.com](mailto:portosdeportivos.transitos@portosdegalicia.com) de xeito inmediato á comunicación da mesma por parte do armador.



Portos de Galicia trasladará a información aos axentes da Garda de Fronteiras, coa máxima celeridade posible, para o cal se establecerá o procedemento axeitado coincidente coas necesidades e dotacións dos servizos policiais e portuarios.

Aos efectos exclusivamente do citado Regulamento, o tránsito da embarcación considerarase autorizada por Portos de Galicia salvo indicación expresa en contra, sen prexuízo das medidas que, no seu caso, poida adoptar a Policía Nacional.

3.- Dado que a obrigatoriedade de remisión dos datos sinalados nos parágrafos anteriores xa foi comunicado en diversas ocasións (por correo certificado, vía telefónica...) e se observan reiterados incumprimentos por parte de diversos concesionarios, comunícase que a detección dun só incumprimento considerarase unha **falta grave** e dará lugar á proposta de apertura do correspondente expediente sancionador, con independencia doutras actuacións derivadas do estipulado no prego de condicións da concesión.

4.- Segundo as conversacións mantidas cos responsables da Policía Nacional, en caso de incumprimentos reiterados non se autorizará a entrada excepcional de ningunha escala e polo tanto nese caso terían que dirixirse a un Posto Fronteirizo habilitado (Vigo, Ferrol ou A Coruña), xa que a entrada en porto non habilitado como paso fronteirizo é de forma excepcional e previa autorización.

Santiago de Compostela, 20 de outubro 2015

O DIRECTOR DE PORTOS DE GALICIA

José Ignacio Villar García.